

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS, FACENDA E ECONOMÍA

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **17 de xaneiro de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Francisco José Fraga Civeira	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 17 de xaneiro de 2018 , ás 17.30 horas, baixo a presidencia de don Francisco José Fraga Civeira, e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
DEPUTADOS/AS:	
D. Rosendo Luís Fernández Fernández	
D. ^a María Teresa Cerdeira Valiñas	
D. Plácido Álvarez Dobaño	
D. Pablo Pérez Pérez	
D. ^a Consuelo Vispo Seara	
D. José Antonio Feijóo Alonso	
D. José Ignacio Gómez Pérez	
D. Vicente Gómez García	
D. Armando Ojea Bouzo	
D. Ramiro Rodríguez Suárez	
SECRETARIO:	
D. Francisco Cacharro Gosende	
INTERVENTOR:	
D. José Mosquera Casero	

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 13 DE XANEIRO DE 2018

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 13 de decembro de 2017, queda aprobada por unanimidade coa inclusión da asistencia á reunión de dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, xa que por erro figuraba dúas veces don Plácido Álvarez Dobaño.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, formula as seguintes preguntas:

En primeiro lugar, en relación coa exposición In Tempore Sueborum, e en concreto pregunta en canto se superou o orzamento inicialmente previsto para a dita exposición.

En segundo lugar, pregunta se se dispón xa dunha previsión en canto ao remanente de Tesourería do orzamento de 2017.

En relación con esta segunda pregunta, o Sr. interventor accidental responde que neste momento aínda se está pechando o exercicio 2017 e que, probablemente, ese dato se teña no mes de febreiro.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, lembra que hai dous meses que o seu grupo solicitou que se lles facilitase o estado de execución do orzamento e non se lles remitiu, polo que pide que se lle remita cando estea dispoñible a liquidación de 2017.

E, ás 18.00 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.